

MARÍA VICTORIA MORENO

A escritora María Victoria Moreno Márquez, filla de Vicente, militar, e Sara, mestra, naceu na cidade cacereña de Valencia de Alcántara o 1 de maio de 1939.

Estudou o bacharelato en Barcelona e Filoloxía Románica na Universidade Complutense de Madrid cos profesores Rafael Lapesa e Dámaso Alonso.

Con 22 anos trasladouse a Galicia para dar clases de Lingua Española en institutos de Lugo, Sanxenxo e Pontevedra. Nesta cidade traballou nos IES «Valle Inclán» e «G. Torrente Ballester».



Mª Victoria foi codirectora da Colección Árbore de literatura infantil da Editorial Galaxia, que daquela dirixía Carlos Casares. Un dos primeiros libros publicados por Árbore foi «Anagnórise», do que Mª Victoria era a autora.

Foi unha gran defensora do galego, idioma no que escribiu a gran maioría da súa obra literaria.

A súa primeira publicación foi «Mar Adiante», en 1973. Dous anos despois, gañou o 1º Premio do Concurso de Contos Infantís O Facho coa obra «O cataventos».

A súa produción literaria en galego é enorme e a maioría adicada aos lectores máis novos: «Anagnórise», «Leonardo e os fontaneiros», «E haberá tirón de orellas?», «Guedellas de seda e liño», «Eu conto, ti cantas», «A brétema»...

O 22 de novembro de 2005, aos 66 anos, finou no Hospital Provincial de Pontevedra.

A Real Academia Galega adícalle este ano o Día das Letras.

EU CONTO, TI CANTAS...


Maria V. Moreno

Correcamiños naceu
na beiravía da estrada
onde un home malo e feo
botara a cadela branca,
que levaba na barriga
seis cadeliños de nata.

Eran todos seis moi brancos,
moi bonitiños, e foi mágoa
que ninguén os recibise
e ninguén lles dese casa.

Cousas tristes desta vida
que apesaran cando pasan...
Mais tanto a nai coma os fillos
eran felices, xogaban
e, dentro do que é ser pobres,
non lles faltaba de nada.

A nai buscaba a comida
e dábase moita maña
para aquelar os cativos
ao tempo que os aleitaba.



DÍA DAS LETRAS GALEGAS


17 DE MAIO 2018



**MARÍA
VICTORIA
MORENO**

(1939-2005)

Seminario Galán.org



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA